



O OPORTUNISTA INOPORTUNO

Como todos e todas sabemos, dende que saltou a posibilidade de recheo da Lagoa da canteira "Pedras Miudas", constitúese unha Plataforma veciñal co obxectivo de salvala, e desde o primeiro momento o BNG estivo apoiando e colaborando con esta plataforma. A todo isto o señor García García calaba e non daba sinais de vida.

Posteriormente a Plataforma pediu ós grupos políticos que se posicionasen con respecto a este tema, e rapidamente o BNG contestou mostrando o seu total apoio a esta xestión e a negativa ó citado recheo. O PSOE, e o seu voceiro García, seguían sen dar "sinais de vida".

Solo á última hora, debido a que a presión popular xa era moi importante, o Sr. Alcalde, que ata ese momento non sabemos a cantas bandas xogaba, maniféstase e solicita os informes da Consultora Galega (27 de setembro) data coa que ven asinado, e ó Laboratorio da USC.

A todo isto sóltase cunhas manifestacións impropias, xa non dun alcalde, senón dunha persoa mínimamente civilizada, e no colmo dos despropósitos, autoproclámase a bombo e platillo "salvador histórico" da Lagoa.



Voceiro do
BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

Outubro 2003

Impreso postal sen enderezo

BE-NE-GA

Catoira



GRUPO MUNICIPAL DO BNG

A MAIORÍA DO POBO DE CATOIRA VOTOU POLO CAMBIO

Nas pasadas eleccións municipais 1.380 persoas do noso concello votaron por un cambio na política municipal. O Partido Socialista tivo en catoira 1.105 votos, ós que lle hai que engadir cáseque 100 chegados da Arxentina (practicamente tódolos votos procedentes da Arxentina foron para o PSOE).

A ilusión que provocou a candidatura do BNG fixo que houbera unha altísima participación cidadán, e que a devandita candidatura recibira un forte apoio do electorado, pasando de dous a catro concelleiros. Queremos felicitar ó pobo de Catoira por esa participación, e darlle as gracias ás persoas que nos apoiaron co seu voto.

Sabemos que a millor maneira de agradecerlo é traballando polo ben da nosa vila e iso é o que imos facer.



www.bng-galiza.org/osalnes

E-mail: salnes@bng-galiza.org

Local Comarcal: R/ A Baldosa, 25 - 2º D • Vilagarcía de Arousa

Tel./Fax.: 986 56 50 59

ALBERTO GARCÍA NON ENTENDEU A MENSAXE DA MAIORÍA DO POBO DE CATOIRA.

A pesares de ter perdido a maioría absoluta, o PSOE pasou de sete a cinco concelleiros, Alberto García non entendeu a mensaxe do electorado, pois unha ampla maioría votou por un xeito de gobernar o concello distinto ó practicado por él ata agora. Preocúpanos a torpeza do Sr. García a hora de facer a lectura das eleccións municipais, xa que ve ó B.N.G. como culpable da perda da súa maioría, non querendo ter ningunha relación con nós e comportándose como unha persoa totalmente desquiciada, chegando a facer declaracións contra o noso grupo totalmente fora de lugar e impropias do cargo que ocupa. Temos que dicirlle que, a maioría sacoulla o pobo de Catoira, e sacoulla porque quería, e quere, un alcalde que respete normas que son fundamentais nunha democracia. Citámoslle unha a modo de exemplo: Respetar é tratar igual ó que votou por vostede, como ó que discrepa das súas ideas e acción de goberno, que por certo cada vez somos máis.

O B.N.G. presentouse ás eleccións para gobernar ou axudar a gobernar o noso concello, porque pensamos que é imprescindible o apoio de tódalas forzas políticas para ordear i empuxar esta vila que se queda. Moitas persoas depositaron en nós a esperanza dun cambio na política municipal, indicando en que senso queren que se produza ese cambio. Se o alcalde quere entender a mensaxe da maioría do pobo e troca a súa actitude, eiquí estamos para axudar a tirar do carro, pero, desgraciadamente, moito nos tememos que vai seguir pechado na súa soberbia e terquedade, cumplíndose aquel refrán que di

“besta vella non colle paso.” Entón, polo ben de Catoira, deixe que outra persoa do seu partido colla as rendas do concello, para abrir no mesmo unha nova etapa, e responder á demanda da maioría do electorado, que, novamente lembramos, pideu un xeito de gobernar distinto a como viña e ven facendo o Sr García.



PEPE CASTAÑO DIOS,
CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA
MANCOMUNIDADE ULLA-UMIA

A LABOR QUE O BNG ESTÁ A LEVAR A CABO NON ESTÁ A PASAR DESAPERCIBIDA, NIN DENTRO NIN FÓRA DO CONCELLO. ASÍ O NOSO VOCEIRO, E ESPERAMOS QUE PRÓXIMO ALCALDE DE CATOIRA, FOI ELEXIDO POR ACLAMACIÓN DE TÓDOLOS CONCELLEIROS DO BNG DOS 7 CONCELLOS DESTA COMARCA, CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA MANCOMUNIDADE ULLA-UMIA. O OBXETIVO É DARLLE UN NOVO IMPULSO A ESTE ORGANISMO, E PARA ELO CÓNTASE COA CAPACIDADE DE PEPE. NORABOA.



INICIATICAS E ACTUACIÓNS DO BNG

O B.N.G. preocupouse por unha serie de asuntos que atañen á cidadanía de Catoira:

- Estado no que se encontraba naquel momento o campo de fútbol e as carencias que observamos no seu proxecto.
- Estado de abandono no que se encontra o pavillón polideportivo.
- Vertedoiros que se encontran en distintos lugares e nos que se depositan: colchón, movéis, etc.
- Propuxo tamén que se limpara a carretera Gondar-Tarrío.
- Expuxo as queixas en forma de preguntas que están a ocasionar o aumento de cans soltos.
- Denunciou públicamente e instou á Alcaldía a realizar xestións para solucionar o problema creado pola empresa de transportes Monbus, ó retirar varios autobuses. Tres meses despois, García dí que fará xestións para resolvélos.
- Solicitou a convocatoria dun pleno extraordinario para evitar o ocultismo co que o goberno se movía no tema da rampa do Astaleiro, para que se respete o medioambiente, e que polo menos a partir de agora, se preserve o contorno das Torres de Oeste, constantemente agredido polas decisións irresponsables do actual e anteriores alcaldes.
- Solicitou, en apoio ós veciños, a xestión diante de FENOSA para o soterramento da liña das Lombas.
- Presentouse moción para adecentar as pistas de tenis da Balastrea con dotación de auga e luz, así como arranxo do acceso.
- Solicitáronse diversas melloras en fontes e pistas de Abalo e Dimo.
- Solicitouse que se fixeran as xestións diante da Deputación para construír “isletas” en diversos lugares, así como colocar bandas sonoras, pintar pasos de peóns, e distintas sinalizacións.
- Presentouse moción para que o Concello apoie á Dirección e APA do Colexio na procura de dotación do segundo conserxe.
- Presentouse moción para solicitar para Catoira a denominación de orixe Rías Baixas.
- Propuxo suspender o Pleno onde se iba tratar sobre o Polígono Industrial de Catoira a ubicar na parroquia de Abalo, por falla de tempo para estudar a documentación obrante no expediente. Quedando aprazado.

Noutro orde de cousas ofreceu públicamente a súa colaboración dentro das súas posibilidades para arranxar os problemas derivados da tronada nos domicilios dalgúns veciños de Abalo.

FELICITACIÓNS DO BNG: Públicas e persoais ó Clube de Piragüismo AS TORRES e á BANDA DE MÚSICA de Catoira, polas súas traxectorias e os éxitos máis recentes. A Anxos Sumay pola publicación do seu libro “Anxos da garda”.

BNG: Acabamos de presentar por escrito a solicitude para que poida intervir un membro da Plataforma pola defensa da lagoa ¿É agora o momento ou despois?

ALCALDE: ¡Dareille a palabra se a min me dá a gana!

BNG: ¿Sería o momento de que intervira un representante da Plataforma?

ALCALDE: ¡Bueno...! Podo deixarlle falar ou non... Non sei... Vou a deixarlle... ¿Quen vai falar?

BNG: Luis, o voceiro.

ALCALDE: Bueno, vostede (a Luis) é o menos indicado, vostede non representa a ninguén... pois presentouse ás eleccións municipais e non conseguiu representación... pero bueno... vou a deixarlle falar brevemente.

LUIS: En primeiro lugar vostede dixo neste pleno que non se invitara ó PSOE a manifestarse, igual que ós outros partidos, e iso é mentira. Eu, personalmente, entregueille a solicitude (de pronunciamento) ó Sr. Ferreirós, no seu domicilio...

ALCALDE: ¡Limítese a falar da canteira, senón retírolle a palabra!

LUIS: "..... chamounos ignorantes e...."

ALCALDE: ¡Quédalle retirada a palabra!

LUIS: ¡Moitas gracias!

ALCALDE: Manteño o que dixen, pois son ignorantes e está formada pola ultradereita e o BNG...

BNG: (Dirixíndose ós membros socialistas da Corporación) ¿Vostedes non teñen nada que dicir? ¿Comparten este tipo de manifestacións do señor García García contra persoas do Concello de Catoira...?

ALCALDE: (Interrumpindo) Vostede non se dirixa a ninguén máis que a mín, nin siquera mire para eles, mire só para mín.

BNG: ¿Por qué está o pavillón de deportes no estado tan lamentable que está? No Pleno anterior xa lle advertimos que había que arranxalo...

ALCALDE: Bueno... xa fora arranxado fai uns meses e os vándalos volveron a estropealo... hai pintadas... haber se entre vostedes (BNG e PP) nos axudan a encontrar ó autor... ó mellor está aquí mesmo, entre nós... Estamos a punto de empezar a arreglalo, pero queremos manter en secreto, pois queremos poñer algo que nos axude a detectar ós gamberros...

A ocultación da información referida a aspectos importantes do Concello, distintos altercados en público, o ocultismo co que tenta de sacar adiante temas dos que o pobo tería que estar debidamente informado, o desquiciamento do que fai gala desde as últimas eleccións, que se manifesta en desplantes a cidadáns e na mala educación, mesmo en continuos insultos e outras actuacións recentes, mostrannos a un político acabado e sen ilusión, que únicamente trata de sobrevivir no cargo, quen sabe respondendo a que intereses.



www.bng-galiza.org/osalnes

E-mail: salnes@bng-galiza.org

Local Comarcal: R/ A Baldosa, 25 - 2º D • Vilagarcía de Arousa

Tel./Fax.: 986 56 50 59



Voceiro do
BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

Outubro 2003

Impreso postal sen enderezo

BE-NE-GA
Catoira

¿Cómo pode unha persoa así, ser alcalde dun concello no ano 2003?

Transcripción literal dalgunhas pasaxes dos últimos plenos do Concello de Catoira

BNG: Vou facer unha pregunta con varios apartados...

ALCALDE: (Interrumpindo) Vostede deixese de literatura, que esto non é escribir un libro, vostede pregunte e eu se me dá a gana contesto, e se non me dá a gana non contesto.

BNG: ¿Ten algo que ver o Concello co "Periódico de Catoira"? ¿Pódese escribir algo en réplica á información que parece Institucional Municipal, e será publicada? ¿Traballa algun empregado do Concello dentro do seu horario laboral na elaboración do periódico? ¿Quen é a asociación Moega? ¿Quen corre cos gastos? ¿Recibe algunha subvención.....?

ALCALDE: (Interrumpindo, a voces) Mire, vostedes queren controlar o Concello. O periódico pagómolo entre nós... (caras de asombro entre os seus concellais). No Concello está cheo de periódicos, tamén hai esa Xanela, esa porquería que fan vostedes, hai de todo.... así que déixense de parvadas.

BNG: Mire, nos estámoslle a facer unhas preguntas con todo respecto. O BNG non elabora a "Xanela", senón que é o Ateneo Vikingo; o BNG ten o su boletín, que non é anónimo, senón que se chama "Boletín do BNG".

ALCALDE: Vostedes o que están é celosos de que fagamos un periódico tan ben feito, e non son capaces de facer un coma el, son uns envidiosos, ¡e vostedes non se van a ir de rositas! (dirixíndose ameazante ós/ás veciños asistentes).

BNG: ¿Iso é todo o que lle ten que dicir vostede ós cidadáns de Catoira, que non se van ir de rositas...?

ALCALDE: Si, eso é o que lles teño que dicir.

BNG: Temos noticias de que estes días vostede estivo fóra do Concello, no estranxeiro. ¿Estivemos sen Alcalde ou houbo algún sustituto? Se un cidadán de Catoira tiña que resolver un asunto importante, ¿a quen se tiña que dirixir?

ALCALDE: Déixese de parvadas, eu vou a onde me dá a gana, só faltaría que eu lle pedise permiso a vostede para ir onde eu queira, en tal caso avisaríalle á volta.

BNG: Pero resulta que nin siquera deu conta á Corporación Municipal da súa xestión á volta. Aparte de mala educación e falta de respecto, a lei dí claramente que cando o Alcalde se ausente por máis de 24 horas, "nomeará sustituto ó primeiro tenente de Alcalde, quen informará inmediatamente ó resto da Corporación..." (Déuselle lectura ó artigo correspondente) E nós non fomos informados de nada, ¿é que vostede sáltase a lei cando quere?

ALCALDE: Eu fago o que me dá a gana.

BNG: Nunha empresa de Vilagarcía hai unha escultura de Xelmírez. Está entre a chatarra desa empresa. Encargouna vostede por 2 millóns de pesetas, e leva alí tres anos... A empresa queixase da súa falta de responsabilidade....

ALCALDE: É certo. Pero é que aínda non sabemos onde poñela... Cando a traíamos ha de vir unha gran personalidade para a inauguración.